



## CARTA DE ARTESANÍA

### **OBXECTO**

Os artesáns que cumplen os requisitos que se sinalan a continuación poderán solicitar á Consellería de Innovación e Industria a inscrición no Rexistro Xeral de Artesáns.

Requisitos:

Ter superado cursos dunha duración mínima de 500 horas en centros de ensino que imparten formación artesán, ou ter traballado nun taller artesán baixo a dirección dun mestre artesán, cunha asistencia mínima de 500 horas. De cumplir estes requisitos poderá solicitar perante a Dirección Xeral de Comercio a obtención da carta de artesán.

Así mesmo, neste momento estase estudando a situación da Carta de Mestre Artesán a cal, na próxima reunión da Comisión Galega de Artesanía concretarase e farase pública a situación desta acreditación.

### **NORMATIVA AUTONÓMICA**

Lei 1/1992 do 1 de marzo de artesanía de Galicia (DOG do 23/03/1992). Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (DOG do 24 de setembro de 2001).

### **DOCUMENTACIÓN**

- Solicitud normalizada
- Fotocopia DNI/NIF
- Acreditación de que cumple os requisitos en cada caso
- Para a obtención da carta de artesán, memoria das actividades profesionais realizadas
- Para a obtención da carta de mestre artesán, currículo profesional
- (\*) Cando non se acheguen os documentos orixinais, deberanse xuntar copias cotexadas, agás que na orde figure outra indicación.

### **SOLICITUDE**

Prazo de resolución: 3 meses

Sentido do silencio: positivo

### **INFORMACIÓN**

CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA  
DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO  
Edificios Administrativos. San Caetano  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono: 981545593 Fax: 981545541